

Bos días nen@s de 1º de Educación Primaria!!!

Estrenamos novo mes e tamén novo tema, as dúas seguintes semanas tócanos **Feelings**, os sentimentos.

Imos a empezar cunha presentación sobre vocabulario relacionado con este tema

<https://www.youtube.com/watch?v=zEk48QQSPo4>

How do you feel today? Como te sintes hoxe? I am..... Estou....

Agora seguimos cunha canción, podedes facer os xestos mentras escoitas a canción. **Clap your hands** (aplaudir cando estás contento) **Stomp your feet** (patalea o chan cando estás enfadado) **Say oh no** (di oh non cando tes medo) **Take a nap** (durme unha sesta se tes sono). Esta canción escoitabamola en Infantil

<https://www.youtube.com/watch?v=l4WNrvVjiTw>

If you are happy Se estás contento

Imos agora a ver un vídeo da película **Inside Out** e tes que adiviñar como se sente a protagonista

<https://www.youtube.com/watch?v=dOkyKyVFfSs>

Seguro que adiviñaches todos. Moi Ben. Por certo, Inside Out, en castelán traducirona como **Del Revés**. Se non a víchedes é unha película moi recomendada.

Seguimos cun conto moi coñecido que xa o traballáchedes en infantil. **The Colour Monster**

Preme no seguinte enlace para velo

https://www.youtube.com/watch?v=facr65OvA_4

Podedes recoñecer as emocións do monstro?

https://www.youtube.com/watch?v=E12U9WQO0dY&feature=emb_logo

Esta semana o **5 de xuño** celebramos o **Día do medio ambiente** e para conmemoralo mándovos un conto titulado **A Whale's Tale** a ver que vos parece. A min encantoume. Penso que entre todos podemos facer un mundo mellor.

<https://www.youtube.com/watch?v=tVMe8baPGDA>

Actividades

O primeiro é un xogo. Tedes 8 palabras relacionadas cos sentimentos e 8 debuxos, tedes que unir cada palabra co seu debuxo correspondente. Moita sorte!! Ao lado de cada palabra hai un altavoz para escoitar como se pronuncia.

<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/word-games/emotions-and-feelings-1>

A seguinte proposta non fai falla imprimila, simplemente a podedes abrir e facer na libreta. Estamos na semana de medio ambiente así que con maior razón. Simplemente tedes que debuxar as expresións da cara cos debuxos. Necesito axuda dos pais para ler as palabras. I'm afraid significa teño medo O adxunto titúlase **Draw the faces**

Xa por último mando un xogo **Feelings Domino**. O dominó dos sentimentos. Este sen imprimir é un pouco difícil entón propoño que elixades 5 dos sentimentos que hai e que os debuxedes na libreta. Hai algún novo que non vimos. Thoughtful que pode ser? mira o debuxo..... é pensativo/a Ashamed que pode ser? Pénsao primeiro, si, significa avergoñado/a e Sick que crees que é? enfermo/a

Espero que teñades unha boa semana. Unha aperta a todos.

